

# FIADDEIRO

NADAL 2008

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 13



C.E.I.P. MONTEMOGOS

BELUSO



# ÍNDICE

*TRABALLOS DE INFANTIL.*

*TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.*

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

*TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.*

TERCEIRO CURSO.


CUARTO CURSO.

*TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.*

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

# OS NOVOS DO COLE




D  
I  
E  
G  
O

60000




S  
A  
B  
E  
L  
A

577X



J  
O  
S  
É

002E



I  
V  
Á  
N

10AUV




E  
V  
A

EVA




B  
R  
E  
I  
X  
O

41590



L  
U  
C  
Í  
A

5V/LA



R  
A  
Q  
U  
E  
I.

R40M2L




F  
E  
R  
N  
A  
N  
D  
O

1111A



S  
A  
R  
A

2, R2




R  
A  
M  
Ó  
N

R4YEA



Z  
U  
L  
E  
M  
A

N 001




R  
U  
B  
É  
N

R 08EN



A  
N  
D  
R  
E  
A

A 10A5A



R  
A  
Ú  
L

R AN



L  
U  
C  
Í  
A

R 001



K  
E  
V  
I  
N

R EVIL




Este ano no Samain os nenos de infantil  
fixemos moitas cousas. Aqui van algunhas:

FOMOS Ó COLE GRANDE A VER  
A EXPOSICIÓN DE CABAZAS.



AS NEVAS MAIORES LERON  
COUSAS DO SAMAIN EN INGLÉS



CONTÁRONNOS MOITAS COUSAS:

NO SAMAIN TÁLLANSE  
 CAVEIRAS NAS CASCAS  
 DAS CABAÇAS E POÑENLAS  
 Á NOITE NAS VENTÁS  
 PARA ASUSTAR.



A FESTA DE SAMAIN É  
 PARA ASUSTAR Á XEME  
 E ÓS AMIGOS.

O COSTUME É DISFRAZARSE  
 DE BRUXAS, DEMÓS  
 PANTOMAS E IR DE CASA EN  
 CASA PEDINDO LAMBETIDAS.



TAMÉN NOS LE RON CONTOS

Ó FINAL XOGAMOS A TRUCO OU TRATO



CANCION

TRUCO OU TRATO  
 HAI QUE DICIR  
 E OUTRA VEZ REPETIR  
 DISFRUTA O SAMAIN.



XOGOS PARA TODOS

- Pita cega,  
que perdiches?
- Unha agulla  
e un dedal.
- Dá tres voltas  
arredor  
e xa os atoparás.

Barquilleiro, barquilleiro,  
cantos dedos  
hai no medio?.

- Puñín, puñete.
  - Que hai por dentro?
  - Pan e fermento.
  - Que hai por fóra?
  - Pan e miola.
- A miolar, a miolar,  
o que ría ha de pagar!.

PARA BOTAR A SORTES E  
ESCOLLER

Rabo de boi  
rabo de besta,  
dixeron na festa  
que estaba nesta.

Pelo, gato,  
vinte e catro,  
unha, dúas,  
tres e catro.

Reirrei,  
cantos anos vivirei?.

Son pequeniño  
e non o sei.  
Un, dous, tres.

Pavís, pavós,  
a filla do rei  
casada con vós,  
escollo en vós.




## COCIÑEIRO POR UN DÍA

O xoves 6 de Novembro visitounos un cocifeiro que se chamaba Salva, e os nenos e nenas de 2º fomos “cociñeiros por un día”. Aprendemos moitas cousas, entre elas...

... coñecemos o uniforme de traballo dun cocifeiro/-a:

**Gorro de cogomelo**




**Chaquetilla**



**Pico**



**Pantalón “pata de galo”**



**Mandil**



**Zocos**




... vimos diversos útiles de cociña, como por exemplo: unha espalmadeira, unha culler para facer albóndegas, unha lingua, unha manga pasteira con distintas boquillas, diferentes coitelos, un afiador...



...e O MÁIS DIVERTIDO!:

☺ Elaboramos nós mesmos MASA DE PIZZA e de EMPANADA e comprobamos como levedou, (tivemos que tapala para que non lle “collera o frío”)



☺ Fixemos unha TORTA SEMIFRÍA DE QUEIXO, esta é a receita:

### TORTA SEMIFRÍA DE QUEIXO

#### INGREDIENTES:

- ½ litro de leite
- ½ litro de nata
- 300 g. de azucre
- 300 g de queixo “Philadelphia” ou “San Millán” (ou similares)
- 14 láminas de xelatina alimentaria (“Cola de pez”)
- Galletas e/ou caramelo líquido

#### MODO DE FACELO:


1. Póñense a remollar as láminas de xelatina nun recipiente con leite.
2. Ponse ao lume lento o ½ litro de leite, a nata, o azucre, o queixo e a xelatina remollada e bátese todo ata que quede ben mesturado.
3. Esta mestura bótase nunha bandexa e se colocan sobre ela unhas galletas. (En caso de levar caramelo líquido, este cubrirá a base da bandexa e a continuación verterémo-la mestura)
4. Por último deixaremos reposar a torta na neveira unhas 12 horas aproximadamente.

☺ Ó final da clase probamos a torta e para acompañala tomamos uns batidos de chocolate... QUE RICO ESTABA TODO!



# ENXEÑO ANIMAL

A SOLLA, para defenderse dos seus inimigos, agóchase coas areas do fondo do mar, onde vive, grazas ás súas cores. Poden tamén botarse area sobre o corpo coas aletas. Xeralmente só quedan visibles a cabeza e os ollos.





O POLBO, para capturar as súas presas achégase paseniño e salta sobre elas agarrándoas cos seus oito tentáculos. As ventosas dos seus tentáculos suxeitan a presa mentras a polbo lévaa á boca.

OS PAXAROS CARPINTEIROS, teñen un gran pico en forma de cicel e un cranio forte. Cando golpean o tronco dunha árbore, poden saber polo son se no interior hai algunha larva de insecto. Se sospeitan nalgún punto, rompen a madeira con fortes golpes de peteiro e collen o insecto para comelo.

O LAGARTO DE COLAR, que vive nas chairas herbáceas de América do norte, para escapar do perigo, é capaz de correr enriba das patas traseiras e, polo tanto, pode moverse a maior velocidade que se tivese que fuxir a catro patas.

O COLIBRÍ OU PAXARO MOSCA aliméntase de insectos e flores. Introduce o peteiro, longo e fino, e a lingua en forma de tubo, no interior da flor que chupa o néctar. Para poder facelo, estes paxaros teñen que manterse flotando no aire.

OS CAMELOS, poden estar sen beber durante semanas. Perden moi pouca auga polos ouriños e non súan. O seu pelo protéxeos da calor do sol e poden pechar as ventás do nariz para que non lles entre area ou po.



OS CANGREXOS, teñen debaixo do corpo as patas que usan para camiñar. Se camiñasen cara adiante ou cara atrás, tropezarían coas súas propias patas. Para solucionalo, desprázanse de lado no fondo do mar de forma que as súas patas non se tocan.



OS MORCEGOS teñen uns ollos pouco potentes, por eso utilizan os oídos para localizar insectos voadores. Emiten uns sons agudos e escoitan o eco. Poden saber se o eco ven dun insecto e averiguar exactamente onde está.



O LEÓN, achégase a súa vítima esvarándose con siliro antes de atacala. Normalmente organízase en grupo de maneira que cada un dos leóns corte a liña de fuxida da presa.

O PINGÜÍN REI, vive preto do frío Polo Sur. Cada femia pon un ovo sobre o xeo a mediados do inverno, o pingüín macho abriga o ovo entre os seus pés e o seu prominente estómago para mantelo quente, e o ten así ata que se abre a casa arredor de dous meses máis tarde.




María Simone Vázquez  
 Tania Alvite Piñeiro  
 Malena Ogando Rodríguez  
 José Ramón Martínez Parcero  
 David Castellanos Miranda  
 Desiré Fernández Caballero  
 Sara Álvarez Cerviño  
 Rubén Millán Torres  
 Sabela Barros Díaz  
 Cristian Gómez Pascual

## A AVENTURA DE ALIN E MOHAMED NUN MUNDO NOVO

Érase unha vez uns irmáns chamados Mohamed e Alin que vivían en Auserd, un lugar do Sáhara, no que estaban en guerra. Eles, aínda que querían ir á escola, non podían porque tiñan que traballar nunha fábrica para axudar aos seus pais para conseguir cartos para poderen comer.

Pero un mal día, as bombas destruíron a fábrica, as casas... e quedaron sen traballo, sen fogar e, o que era peor, os irmáns se perderan dos seus pais e estaban moi angustiados. Buscaron e buscaron por todas partes ata que por fin pais e fillos se atoparon.




Os pais de Alin e Mohamed estaban moi preocupados e tristes porque non sabían que facer para sobrevivir e decidiron marchar, emigrar a outro país, buscando algo mellor para todos. Os nenos puxéronse moi ledos porque pensaban que a partir de agora todo sería moito mellor e que farían moitos amigos.

Ao chegar a España comezaron a ir á escola; o primeiro día estaban moi ilusionados, tiñan moitas ganas de aprender cousas e de coñecer aos

compañeiros. Nada foi como o imaxinaban, ninguén quería xogar con eles, agás Yan Yu, un compañeiro que tamén era estranxeiro e entendía perfectamente como se sentían. Botaba de menos aos seus amigos e a súa familia. Ao principio co novo amigo só se entendían por xestos, porque non falaban o mesmo idioma, pero pouco a pouco foron coñecendo a nova lingua.

Como xa se entendían cos demais, os outros nenos decatáronse de que aínda que viñeran doutro país eran bos e lles gustaban as mesmas cousas que a todos os rapaces. Xogar ao fútbol, as clases de informática e de educación física eran as súas preferidas; o chocolate...

Pouco a pouco, Alin e Mohamed, fixeronse co novo país e quedaron alí para sempre, pois agora tiñan moitísimos amigos e estaban moi felices, e colorín colorado este conto está rematado.



# O MILLO

Os nenos e nenas de segundo ciclo do CEIP Montemogos fixemos o pasado mes de outubro unha excursión a Meiro, ( unha aldea pertencente á parroquia de Bueu). Neste lugar, a **ASOCIACIÓN CULTURAL DO MILLO CORVO** leva uns cantos anos traballando na recuperación do cultivo deste cereal.



collemos todas as cestas cheas de millo e levámolas a un **HÓRREO**.

*“Saímos do colexio en autobús ás once e media da mañá. Eu fun con Alex, iamos xogando cos outros compañeiros e escoitando o MP3.*

*Ao chegar a Meiro baixamos unha costa para ir ao campo de millo corvo. Primeiro fixemos un **PALLEIRO** que consiste en cortar todas as plantas do millo menos unha que serve para apoiar as que cortamos. Logo fomos un pouco máis lonxe para **DEFOLLAR** que é sacarlle as follas ás espigas. Máis tarde*



*Unha vez alí, unha das señoras da asociación puxo no chan unha alfombra para botar as espigas e sacarlles as barbelas. Un tractor trouxo máis espigas. Ao rematar o labor fomos a unha esplanada e xogamos á pita, a facer carreiras.....*

*Por último, volvemos para o autobús, e fomos de novo para clase.”*

*Sergio Fandiño Gómez*

As señoras da asociación que nos ensinaron e axudaron a facer todo isto foron moi amables e pacientes con nós; pero recordáronnos que o cultivo do millo é un traballo que se realiza ao longo de todo o ano.



Na imaxe da dereita Saray, Andrea e Carlota levan un cesto de millo.

Á esquerda o tractor acarrexas as espigas.

## O CULTIVO DO MILLO

As espigas que nós axudamos a gardar, non xurdiron de súpeto na terra, antes houbo que pasar por distintas fases:



1. **Preparación da terra** (marzo, abril). Límpase a veiga e abónase con esterco, mineral,... a continuación lábrase dándolle volta a terra co arado.



2. **Sementeira** (marzo, abril). Nas leiras pequenas faise a man e nas grandes con sementadora.



3. Despois de sementar a terra **achánzase** (alisar o terreo) coa grade.



4. **Rarear** (maio, xuño). Consiste en arrincar algunhas das plantas para que as outras medren con máis forza.



5. **Arrendar**: cavar para arrincar as malas herbas e arrimar a terra ao pé da planta.



6. **Regar**



7. **Apañar os pendóns**. Cando as barbas do millo están secas córtanse os pendóns (a flor masculina do millo), faise cun fouciño a unha altura que corresponda cunha ou dúas follas por riba da espiga.



8. **Colleita** (setembro, outubro) Este foi o traballo no que nós participamos e xa explicamos antes.

## O MILLO AO LONGO DA HISTORIA.


O millo é orixinario de América. Restos arqueolóxicos revelan que no val de Tehuacán, ao sur de México, xa se cultivaba hai aproximadamente 4600 anos e que constituía o alimento básico das culturas maia, azteca, inca. O mesmo nome “maíz” deriva do vocábulo “mahis” que segundo os nativos de Haití, significaba “o que sostén a vida”.

En Galicia empezou a cultivarse a partir de principios do século XVII e pouco a pouco foi sustituíndo a unha planta semellante pero de gran moito máis pequeno e que se coñecía como “millo”, denominación que por extensión se lle deu á nova planta chegada de América. Durante o século XVIII este cultivo difundíuse gradualmente por toda Europa.

## TIPO DE PLANTA

O millo é unha planta gramínea de follas lanceoladas e talo en forma de cana con nós ben marcados, que pode medir entre 60cm e máis de tres metros. Na mesma planta atópanse as flores masculinas que reciben o nome de pendóns (nos extremos terminais) e as femininas (na mazaroca). Os froito son os grans, de cores e tamaños diferentes que se agrupan arredor do carozo formando unha espiga cuberta polo follaco. As espigas reciben distintos nomes:

- **Raiñas:** son as espigas coloradas que se atopan entre o millo do país.
- **Carrouchas:** espigas pequenas con poucos grans.
- **Millo do leite:** espigas sen madurar. Cómense crúas ou cocidas.



## USOS DO MILLO

O millo é basicamente utilizado na **alimentación**, sexa de forma directa no consumo humano ou indirecta na alimentación de animais (porcos, vacas e aves de corral).

Ademais o millo ten un gran número de **aplicacións industriais** como a produción de glucosa, alcohol ou a obtención de aceite.

Coas mazarocas de gran tamaño e de certa variedade fanse pipas de tabaco. A investigación das novas **fontes de enerxía** fixéronse no millo, rico en azúcar, a partir del obtense un alcohol que mesturado co petróleo forma o chamado **gasohol**.

En **Galicia** o millo é empregado principalmente na elaboración de *pan* e de *empanadas*; aínda que tamén se fan *bicas*, *filloas*,... E por suposto úsase na alimentación dos animais. Antigamente o follaco aproveitábase para facer xergóns ou colchóns, como cebo para a pesca do atún ou como molido para poder transportar pesos na cabeza.

## O MILLO NA MIÑA LOCALIDADE.

*“ En Bon, que é onde viven os meus avós, aínda se planta millo. Contoume a miña avoa que antes tódalas familias plantaban varias leiras pero agora tan só o fan unhas poucas. Os meus avós antes plantaban millo en máis dunha ducia de leiras e este ano só plantaron en dúas.*

*Tamén me contou a miña avoa que antes había moita colaboración dos veciños. Cando unha familia plantaba millo tódolos veciños ían axudarlles e despois remataban a faena cunha gran merendola. A miña avoa facía empanada, tortillas, levaban viño, latas de conserva,...*

*Miña nai contoume que cando ela era pequena gustáballe ir montada na grade cando achazaban a terra e deitarse no hórreo entre as espigas.*

### NOMES DAS LEIRAS:

*Encouradas, Sanamedio, A Vical, Roteas, Almunias, Barroncas, O Sepo, As Carrascas, Salgueiral, Cabanas, Gunciña, Redondelo, A Macela,....”*

Clara Costas García

## INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

O día vinte e seis de Setembro dous membros da Asociación Cultural Retrouso de Cela visitaron o noso colexio para mostrarnos algúns dos instrumentos utilizados na música tradicional galega e a forma de interpretar con eles ritmos e cancións. Esta visita animounos aos alumnos de 4º B a buscar información sobre outros instrumentos e realizar este traballo. Grazas pola súa desinteresada colaboración.

### A gaita:

A orixe da gaita, non se pode concretar, pero parece, polos relatos de diversos historiadores, que está presente na nosa historia desde o século V antes de Xesús Cristo. A gaita non só existe nos países celtas (Galiza, Eire, Kernow, Breízh ...), senón que a súa área de expansión alcanza gran parte de Europa e mesmo chega a África e Asia.

A gaita componse fundamentalmente de tres partes: fol, o punteiro e roncón. As pezas máis importantes delas son: copa, tercia, segunda, prima, borla e flocos do roncón, fol, soprete, asentos, punteiro e ronquillo.




A forma máis común de tocala consiste en colocar o fol debaixo do brazo esquerdo e soprar ata inchalo. O son prodúcese grazas á palleta que vibra ao recibir o aire do fol que o punteiro lle transmite. O roncón e o ronquillo comezan entón a soar. Ao apertar o fol co brazo e tapando os buracos do punteiro, prodúcense as melodías. Cando fai falta máis aire sóprase de novo sen apertar o fol.

Verónica, J. Manuel, Rubén, Saúl.

### A zanfona:

A zanfona podería ter a súa orixe en España ou no Oriente Próximo, aínda que apareceu en Europa Occidental no século IX. Aparece representada en diversos gravados dos séculos XII e XIII e foi moi utilizada para interpretar música medieval.

Este instrumento que pertence ao grupo dos cordófonos consta das seguintes partes: cinco cordas, alma, roda, fondo, laterais, tacos, travesaños, clavixeiro, cremalleira e caixa harmónica. Os materiais utilizados na súa construción son: madeira, ferro e cordas.



Para tocala faixe xirar unha roda enresinada, situada no centro do instrumento, que roza coas cordas das cales saen as notas que van cambiando ao ir presionando as telas do teclado.

As zanfonas de hoxe poden chegar a ter vinte e tres cordas agrupadas en varias categorías: melódicas, bordóns, rítmicas e simpáticas.

Carmen.

### A requinta:

A orixe deste instrumento remóntase ao século XVIII , procedente de Francia. Foi moi utilizado a principios do século pasado pero logo caeu en certo esquecemento, ata que hai uns poucos anos se comezase a recuperar tanto a súa construción como o seu uso.

É un instrumento de vento de construción artesanal que se compón dun número variable de pezas, xeralmente de madeira de buxo. Entre estas pezas destaca o tapón do extremo da embocadura que se usa para a afinación e a última que adoita levar unha chave.

Tócase poñéndoa de lado para soprar por o buraco da embocadura, logrando as diferentes notas tapando co movemento dos dedos os outros buracos.

A requinta é un instrumento dos de maior tradición, empregado tanto para tocar de forma individual como para acompañar a grupos e murgas.



María, Xoel.

### O bombo:

É un dos instrumentos máis antigos do noso folclore. A súa orixe non se coñece moi ben, pero os investigadores pensan que procede das antigas civilizacións de Exipto, Mesopotámica, Grecia ou a India.

Pertence ao grupo dos instrumentos de percusión e está formado por un cilindro, xeralmente de madeira de carballo, cuberto por unha pel estirada, que se tensa cuns bastidores unidos por cordas .



Tócase cunha maza que ten o mango de madeira e a punta de tea e produce un son grave e moi potente.

É un instrumento moi utilizado para acompañar aos grupos musicais tradicionais.



Ángel e Juan.

### A caixa:

É un instrumento moi antigo de orixe descoñecida.

Pertence ao grupo dos instrumentos de percusión e ten unha forma parecida a do tamboril, pero de menores dimensións e con bordóns de nailon ou metálicos.

Para facer máis cómodo o seu manexo normalmente vai atada á cintura e tócase do mesmo xeito que o tamboril.



Ángel e Juan.

## O tamboril:

O tamboril ten a súa orixe nas civilizacións mesopotámica, exipcia, grega e romana dende onde chegou a nós a través do mar.



É un instrumento de percusión golpeada que está formado por unha caixa cilíndrica de ata trinta centímetros de diámetro que leva polas caras superior e inferior unhas peles tensadas cunhas cordas e tirantes de coiro para que soen ao ser golpeadas.

Percútese coas dúas baquetas



Ángel, Juan.

## O tambor:

O tambor é un instrumento ao que se lle pode calcular unha antigüidade de varios milleiros de anos. Este instrumento tivo unha presenza moi grande en toda a Península Ibérica do século XI ao XIV.


É un instrumento de percusión que consta das seguintes partes: aro, corpo, redobrante e baquetas. A pesar de experimentar moitos cambios, como poden ser os



tambores sen caixa, dunha soa pel, sen tornos, de metacrilato..., séguese construíndo coa mesma artesanía de sempre o típico e auténtico tambor.

Na actualidade a forma máis estendida é tocar o tambor colgado no cinto por medio dun gancho que se coloca no instrumento. Outra maneira é situalo debaixo do brazo.

Na provincia de A Coruña hai un colectivo de tamborileiros que tocan co tambor colgado do pulso esquerdo.



Verónica, J. Manuel, Rubén, Saúl.

## A pandeireta:

É un instrumento moi antigo que ten a súa orixe na música popular. Xa se utilizaba hai moitos anos no Antigo Exipto e no mundo árabe.

É un instrumento de percusión formado por un aro de madeira en forma de círculo, cuberto nun dos seus lados por unha pel. Ao arredor do aro suxeitanse as dúas filas de ferreñas.



Tócase facendo esvarar un ou máis dedos por ela ou golpeando con eles toda a man. En ocasións tamén se golpean outras partes do corpo coa pandeireta.

Na música tradicional galega, na maior parte dos casos, a súa función é a de acompañar ao canto feminino, como ocorre nos grupos de pandereteiras.




Manuel.

## O pandeiro:

É un instrumento de percusión dos máis antigos de Galicia. O seu nome provén do latín tardío "*pandorius*".

Está formado por un marco de madeira resistente, cuberto por dous cachos cadrados de pel de cabrito que levan no seu interior uns cascabeis.



Para tocalo colócase á altura do embigo, suxeitándoo cunhas cintas ou agarrándoo cos brazos e golpéase cos puños, facendo así que o compás sexa máis vivo.



María, Xoel.

## Castañolas:

Son un instrumento de orixe fenicio que hai uns tres mil anos estendeuse por todo o Mediterráneo. En España e as súas terras, na actualidade, séguese utilizando moitísimo.

É un instrumento de percusión formado por dous anacos de madeira de castiñeiro, carballo, buxo... de forma oca, unidos por unha corda que se coloca rodeando o dedo polgar.

Tócanse batendo unha peza contra a outra. Para conseguir un bo dominio deste instrumento hai que practicar diariamente durante moitas horas.

É un instrumento xeralmente utilizado por mulleres que as tocan cantando e bailando.

Como curiosidade dicir que Wagner escribiu a música de Venusberg, para ser interpretada con castañolas.



Adrián.

## As tarrañolas:

A súa orixe é descoñecida, pero xa se tocaban na época medieval. Aparecen nomeadas nas Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio.

É un instrumento de percusión que foi de uso maioritariamente infantil.



Son dúas láminas de madeira duns vinte centímetros de lonxitude e de ancho variable. Poden ser de diferentes materiais: madeira, lousa, dúas pedras lisas, dúas costelas de porco ...

Para tocalas, pónense entre os dedos anular e índice e tócanse abaneando a man en movemento xiratorio, á vez que se move o antebrazo para facer que se golpeen e produzan son.

Estiveron a piques de desaparecer, pero hoxe en día xa están completamente recuperadas.




Carmen.

### O charrasco:

Instrumento utilizado dende hai moito tempo en zonas da provincia de Pontevedra para acompañar aos gaiteiros, comparsas...

Pertence á categoría dos instrumentos de percusión e está formado por un rectángulo de madeira que leva suxeitas unhas restras de ferreñas e remata nun longo pau.



O son conséguese batendo o pau contra o chan. Este fermoso instrumento estivo moito tempo esquecido pero na actualidade vólvese a utilizar.




Tamara.

### Cunchas:

As cunchas son un instrumento de orixe galego que comezaron a ser utilizadas polos peregrinos dende a Idade Media.

Pertencen á familia de percusión por raspadura.



Tócanse collendo dúas cunchas grandes de vieira, unha en cada man, e logo golpeándoas ou raspando unha contra a outra.



Moitas veces se usan para acompañar á gaita e ao canto.

Paula.

### As culleres:

Foron un instrumento de percusión utilizado nun principio por persoas de escasos recursos económicos.

As culleres poden ser de diferentes materiais pero principalmente de madeira ou de ferro.

Tócanse golpeando mutuamente unha culler contra a outra e o seu son é moi parecido ao das tarrañolas.



Paula.

### A tixola:



A tixola é un instrumento de percusión.

Está formado por unha antiga tixola de ferro bastante grande que se golpea cunha chave tamén grande.


Para tocala cóllese a tixola e golpéase no mango coa chave, producíndose un son grave.

Paula.

### A botella de anís:

A súa orixe remóntase a comezos do século XIX, en Castela-A Mancha e Estremadura onde se empregaba para acompañar cantigas e panxoliñas.

É un instrumento da categoría de percusión por raspadura que está formado por unha botella de anís con relevos na súa superficie e unha culler ou unha chave das antigas.



Para tocalo cóllese a botella nunha man, polo bico, e na outra man unha culler ou unha chave para raspar a botella e conseguir diferentes sons.



Joel.


### A lata de “pimentón”:

A lata de “pimentón” é un instrumento típico do campo e das zonas do interior.



É un instrumento de percusión formado por unha lata do pemento, das grandes. Tócase sentado nunha cadeira e coa lata enriba das pernas en posición vertical golpeando coas mans a parte dianteira da lata como se fose un pandeiro.

Era costume utilizala como instrumento na matanza dos porcos, cando o animal estaba morto e a faena



rematada.

Joel.

### O birimbao:



Este instrumento pode ter a súa orixe na India, illas do Pacífico ...

É un instrumento de percusión que consiste nunha barriña de ferro en forma de ferradura que leva no medio unha lingüeta de aceiro.

Para tocalo faise vibrar a lingüeta co dedo índice da man dereita, tendo na esquerda o instrumento entre os dentes.

Nas illas do Pacífico hai birimbaus en forma de pinza, feitos nunha soa peza en madeira de bambú.

Joel.

### O ZAPATEIRO E O NENO.

Nunha casaña, na serra de San Mamede, vivía un zapateiro moi famoso chamado Farruco. Facía uns zocos que eran a envexa do resto dos zapateiros da bisbarra.

Un día cando ía facer un par de zocos, decatouse de que non tiña todo o material necesario e entón decidiu ir mercalo á tenda da esquina. Ao vendedor estrañoulle que Farruco mercase o material máis barato da tenda, pois tiña moitos cartos. El fixo aquel par de zocos, que lle encargaron, con aquel material.



Ao día seguinte o seu cliente pasou polo taller do zapateiro a recoller os seus zocos. Cando os viu deuse conta que o material dos zocos era de mala calidade e díxolle ao zapateiro que diría a todo o mundo que o intentase enganar.

Farruco sentiuse moi triste e comezou a chorar. Un neno que pasaba pola rúa escoitouno e intentou consolalo. Farruco contoulle toda a historia e o neno aconselloulle que a mellor solución era volver facer de novo os zocos con material do bo. A partir daquel día o neno, que se chamaba Antón, comezou a traballar con Farruco. Fixeron tantos zocos xuntos que decidiron ir vendelos á feira máis famosa do lugar. Alí había unha bailarina de baile galego moi fermosa que se achegou ao posto de venda de Farruco e o neno. Antón miroulle os pés, viu uns zocos gastados e sucios e deulle moita pena. Contoullo a Farruco e entre os dous decidiron regalarlle uns novos. A bailarina sorriu e deulle as grazas.

Dende aquel día a Farruco ademais dos cartos das persoas tamén lle importaron os seus sentimentos.

Verónica 4º B

**TALLER DE POESÍA 4º B**

O CAN E O PASTOR

Un can, cinco gatos  
e un gordo pastor  
no medio do bosque  
viron un castor.

Aquel pastor tiña  
un bonito traxe  
e un fermoso coche  
dentro do garaxe.

O can ía ao río  
para poder mirar  
os nenos xogando  
e á nena cantar.

Carmen.



MOITA FROITA.

Estaba a miña avoa  
comendo melón  
e o meu irmán  
xogando ao balón

Chegou miña nai  
cuns melocotóns  
e tamén cantando  
fermosas cancións.

Miña nai, miña avoa  
e o meu irmán  
comeron as froitas  
ata rebentar.

María

A MIÑA COMIDA


Todas as mañás  
tomo no almorzo  
un par de laranxas  
e sen moito esforzo

Á hora da comida  
eu como ensalada,  
e a froita preferida  
que é unha granada.

Logo na merenda  
tomo unha mazá  
que compro na tenda  
ao lado da praza.

Algúns froitos secos  
tomo pola noite  
cortados en cachos,  
na cunca do leite.

Saúl



PAPA NOEL

Papa Noel  
fai moitos regalos  
e a todos os nenos  
el debe entregalos.

Adrián



A HORTA DE MARÍA

Miña veciña María  
pola horta debe andar  
para plantar as leitugas  
e unhas coles sachar.

Mentres o seu neto Xan  
por alí anda a xogar  
e á pobre de María  
nunca lle quere axudar.

Carmen


O ARCO DA VELLA

O arco da vella  
é unha beleza  
con cores de raias  
de moita pureza.

Ten moitos cores,  
azul e vermello,  
laranxa, violeta  
tamén amarelo.

Se o arco aparece  
deixa de chover  
e desa maneira  
ben o podes ver.

Tamara




O PIRATA

O pirata ía polo mar  
pois ouro quería buscar.  
A unha illa chegou  
pero nada atopou.

E seguiu navegando  
e os barcos atacando.  
O pirata os canóns disparou  
e outro barco derrotou.

Por fin ouro conseguiron,  
e ao estar en terra firme,  
entre todos repartiron.  
As aventuras seguiron.

Ángel




A LÚA E O SOL

Se chega a luz da lúa  
e tamén a luz do sol,  
co seu fermoso brillo  
desprenden moito amor.

E como o seu brillo  
e como o do amor  
as súas fermosas cores  
teñen moito resplandor.

Paula



A VACA E A GATA

Nun cortello  
hai unha vaca,  
cinco xatos  
e unha gata.

Esa gatiña  
sen pelo,  
ía detrás  
dun novelo.

Manuel



O MEU PAI

O meu pai  
veu do mercado  
con moito cariño  
e despeiteado.

Logo foi á cama,  
estaba cansado.  
Despois levantouse  
e marchou ao traballo.

Xoel

NO XARDÍN DA MIÑA TÍA

No xardín da miña tía,  
xogaba coma unha tola,  
miña amiga Rosalía.

Ela púxose a cantar,  
despois cortou unha rosa  
que me quería entregar.

Eu collinlla con cariño,  
e mentres ela se ía,  
notei que me fixo un guiño.  
Verónica



COUSAS E COUSAS

Un camión, un avión,  
tamén un home  
cantando unha canción.

Un romano, un valenciano,  
tamén un africano  
tocando o piano.

Un león, un balón  
tamén un neno  
tocando o saxofón.

Rubén




TALLER

DE

POESÍA

4ª B




OS GAITEIROS

Veñen os gaiteiros  
tocando de día,  
camiño da aldea  
con moita alegría.

A xente saía  
a velos tocar  
e as súas gaitas  
parecen chorar.

Juan



O PRADO E O MAR

Nos verdes prados  
que teñen as tías,  
cantan os paxaros  
e crecen sandías.

Nos azuis océanos  
que hai nas rías  
péscanse polbos  
e tamén acedías.

Joel

## ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN - 5ª

### ¡ ALERTA ¡

Os seres humanos, en xeral non nos portamos demasiado ben cos animais. Por culpa dos nosos comportamentos e dalgunhas actividades que o home leva a cabo en todo o planeta, moitas especies animais encóntranse en perigo de extinción.

Este perigo afecta a todo tipo de animais : mamíferos , aves, réptiles, anfibios.

Os animais extinguidos xa non os podemos recuperar, en cambio, aínda podemos facer que o número de animais en perigo de extinción diminúa intentando cambiar os nosos comportamentos cara a eles.

Algúns dos animais en perigo de extinción son os seguintes:

#### O lince ibérico.

É un felino de tamaño maior que un gato doméstico e de aspecto máis robusto e esbelto.

O hábitat principal do lince ibérico constitúeno as áreas do bosque mediterráneo.

O Coello constitúe a base da súa dieta.

O principal inimigo do lince é o home que o esquilma nas súas poboacións con accións como a caza ilegal, os envelenamentos, os atropelos e a redución do seu hábitat.



#### O puma.

É un mamífero que vive en América. Este gran felino é bastante solitario.

A súa comida preferida é o cervo.

O seu principal inimigo é o home que o caza pola súa pel.



#### Aguia imperial.



É un ave rapaz de gran tamaño. As femias son algo máis grandes cos machos.

Habita nos bosques do cuadrante suroccidental da Península Ibérica.

O Coello supón a maior parte da súa dieta, pero cando esta escasea, a aguia imperial é capaz de capturar gansos, réptiles e patos...No inverno pode comportarse como un carroñeiro.

Os seus inimigos máis importantes, cando son máis xoves, poden ser outras aves de rapina ou rapasos. O descenso da súa poboación débese, non obstante, a causas exclusivamente humanas: causas ilegais, electrocución, transformación de zonas forestais en regadíos, emprego esaxerado de pesticidas, etc...

### **O lobo**



O aspecto do lobo é similar ó dun can grande e forte. O seu pelame acostuma ser pardo manchado.

Habita nas montañas do noroeste da Península Ibérica e nos cultivos de cereal da meseta castelá-leonesa.

Aliméntase de presas relativamente grandes: corzos, xabaríns, raposos, aves...

Os seus principais inimigos son os homes que atacan ós adultos e cando son máis pequenos as aves rapaces.

### **O bufo real**

E unha ave rapaz nocturna de tamaño grande. Posúe unhas potentes garras cubertas de plumas ata os dedos. Ten uns grandes ollos de cor laranxa que captan cen veces mellor a luz que os nosos.

Vive en zonas abruptas e con densa vexetación.

Aliméntase de coellos, outras aves e roedores.

Os seus inimigos son a aguiña real e o ser humano que a caza.



### **A aguiña culebreira.**



A aguiña culebreira posúe unha enorme cabeza na que destacan os seus ollos de cor amarela e de gran tamaño.

Habita en zonas que combinen árbores con grandes extensións de terreo aberto.

A súa dieta baséase en serpes, lagartos, lagartas, ras e insectos.

Case non ten inimigos a excepción do home.

### **O tigre siberiano.**

O tigre siberiano logra alcanzar os 315 kg. A dimensión promedio do seu corpo, incluíndo a cabeza e de 3 metros, a que se lle engade un rabo de 8 metros.

Habita en Turquía, península de Indochina, Siberia...

A súa alimentación consiste en mamíferos grandes como cervos, cerdos, vacas....


Está ameazado polo home que o caza.



✓ Este son algúns animais dos moitos que están en perigo de extinción.

✓ Intentemos entre todos buscar solucións para que respectemos ós animais.

## OS SÍMBOLOS DE GALICIA



Que din os rumorosos  
na costa verdescente,  
ao raio transparente  
do prácido luar?  
Que din as altas copas  
de escuro arume arpadado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros  
confín dos verdes castros  
e valeroso chan.  
Ron des a esquecemento  
da inxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono  
Fogar de Breogán.

...

Falabamos no derradeiro **FIADEIRO**, dedicado as **LETRAS GALEGAS 2008**, dun dos símbolos de Galicia: a historia, letra e música do seu himno.

Agora imos falar dos outros símbolos: **A BARDEIRA** e **O ESCUDO**

## A BANDEIRA DE GALICIA

### CANTO A BANDEIRA GALEGA

**EN PÉ!**

Irmáns! En pé, sereos,  
a limpa fronte erguida,  
envoltos na brancura  
da luz que caía de riba,  
o corazón aberto  
a toda verba amiga,  
e nunha man a fouce  
e noutra man a oliva,  
arredor da bandeira azul e branca,  
arredor da bandeira de Galicia,  
cantémo-lo dereito a libre nova vida!

Validos de traidores  
a noite da Frouseira  
á patria escravizaron  
uns reises de Castela.  
Comestas polo tempo,  
Xa afloxan as cadeas...  
Irmans asoballados  
De xentes extranxeiras,  
Ergámo-la bandeira azul e branca!  
e ó pé da enseña da nazon galega  
cantémo-lo dereito a libertar a Terra!

Irmáns no amor á Suevia  
De lexendaria historia,  
En pé! en pé dispostos  
a non morrer sin loita!  
O día do Meludio  
con sangue quente e roxa  
mercámo-lo dereito  
á libre honrada chouza!

Xa está ó vento a bandeira azul e branca!  
A oliva nunha man, a fouce noutra,  
berremos alto e forte:  
"A nosa terra é nosa"

Ramón Cabanillas  
"Da Terra Asoballada" (1917)



O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, sinala que a bandeira de Galicia é branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ó inferior dereito. A lei de Símbolos de Galicia, promulgada en 1984, establece a disposición, cor e símbolos da bandeira de Galicia. Segundo esta lei, a bandeira ten tres módulos de longo por dous de ancho e a banda e de cor azul celeste subido ou cobalto claro. Así mesmo obriga a que conteña o escudo oficial cando ondee nos edificios públicos e nos actos oficiais da Comunidade Autónoma; a disposición do escudo ten que ser centrada e a súa altura debe ser igual á metade do ancho da bandeira.

## HISTORIA

A orixe da bandeira galega remóntase o século XVII, momento no que era de cor branca cun copón amarelo no centro, rodeado de seis cruces recortadas. Unha bandeira destas características foi empregada polo Batallón Literario durante a Guerra da Independencia. A orixe da faixa de cor azul, que a incorporou o movemento rexionalista cara ó final do século XIX e comezos do século XX, semella que foi resultado dunha confusión cunha bandeira que ondeaba na Comandancia de Mariña da Coruña. A bandeira así configurada, foi adoptada polos emigrantes en América e, posteriormente, polas Irmandades da Fala (1917) e polo Partido Galeguista (1931), que a empregou durante a II República. Ó Anteproxecto de Estatuto de Autonomía foi a primeira tentativa de converter esta bandeira en oficial, feito que se acadou coa aprobación do Estatuto de Autonomía de 1981.

## O ESCUDO DE GALICIA



O Estatuto de Autonomía de Galicia ( Lei Orgánica 1/1981) recolle no seu artigo 6.2 que “ Galicia ten un himno e escudo de seu”. Esta afirmación estatutaria desenvolveuna o Parlamento de Galicia ó aprobar a Lei de Símbolos de Galicia, que no seu Artigo 1 proclama: A bandeira, o escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica.

O escudo de Galicia trae, en campo de azur ou azul, un cáliz de ouro sumado de unha hostia de prata, e acompañado de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres de cada lado e unha no centro . O timbre, coroa real, cerrada, que é un circulo de ouro, engastado de pedras preciosas, composto de oito floróns de follas de acato, visibles cinco, interpoladas de perlas, e de cada un dos floróns sae unha diadema sumada de perlas, converxen nun mundo de azur ou azul, co semimeridiano e o ecuador de ouro , sumado de cruz de ouro. A coroa forrada de vermello.

O escudo de Galicia debe figurar nas bandeiras cando ondean nos edificios públicos ou calquera acto oficial, nas leis de Galicia que promulgue no nome de Rei o Presidente da Xunta, nas placas das fachadas dos locais da Administración autonómica, nos cuños e cabeceiras de uso oficial da Comunidade, nos diplomas e títulos oficiais, e nos obxectos de uso oficial en que, polo seu carácter representativo sexa pertinente.

## HISTORIA

O primeiro escudo que representou as armas do Reino de Galicia foi un armorial elaborado en Flandes no ano 1436. Neste escudo aparecía simplemente un copón cuberto, en alusión quizais ó privilexio que posuía a catedral de Lugo da exposición permanente do santísimo sacramento. Desde inicios do século XVI o copón substituíuse por un cáliz cunha hostia, como o escudo impreso nas Ordenanzas da Real Audiencia del Reino de Galicia e o utilizado pola Junta de Gobierno del Reino de Galicia. Desde finais do século XVI o cáliz rodeouse de seis cruces como aparece no mapa de Fernando de Ojea. O longo dos séculos XVI e XVII as seis cruces dispóñense, por motivos estéticos, a cada lado da custodia que substituíu o cáliz e mais a hostia. Á finais de século XVII secularizouse a interpretación das cruces, que pasaron a identificarse coas sete cidades do Reino. Á aparición dunha sétima cruz produciuse a mediados do século XIX como nos di na súa Historia de Galicia Manuel Murguía. Algunha representación da primeira metade do século XX as cruces substituíronse por estrelas ou vieiras. Á inclusión da cruz da Santiago sobre o escudo tivo lugar no século XVII, cando o seu uso deixou de ser exclusivo dos cabaleiros da orde de Santiago. O 21 de xuño de 1930 a xunta de goberno da Real Academia Galega definiu o escudo de Galicia deste xeito: “ Un cáliz áureo sobre o que se sitúa unha hostia de prata, rodeada de sete cruces en campo de azul e superado pola coroa real e a cruz de Santiago”. Este escudo foi rexeitado por algúns galeguistas polo uso do cáliz que pediron outro escudo sen este elemento. No ano 1937 Castelao propuxo un novo escudo que levaba en campo azul unha fouce de ouro e unha estrela ( alegorías do traballo e da liberdade), orlado coa lenda “ Denantes mortos que escravos” e superado dunha serea que sería o símbolo do mar. En 1972 a Real Academia Galega ditaminou o modelo de escudo que unha vez establecida a autonomía, declararíase oficial o Parlamento de Galicia en 1984.

Con esto dámos por rematado este traballo dos símbolos da nosa Galicia que debemos coñecer e respectar. Galicia que levamos dentro e que tan ben nos cantara o poeta da Terra Cha, Manuel María, na súa obra “Os soños na gaiola”



# ÇALICIA



Çalicia docemente  
está ollando o mar:  
Ten vales e montañas  
e terras *pra* labrar!

Ten portos mariñeiros,  
cidades e labregos  
cargados de traballos,  
cargados de trafegos!

Çalicia é unha nai  
velliña, soñadora:  
na voz da gaita rise,  
na voz da gaita chora!

Çalicia é o que vemos:  
a terra, o mar , o vento...  
Pero hai outra Çalicia  
que vai no sentimento!

Çalicia somos nós :  
a xente e mais a fala .  
Se buscas a Çalicia  
en ti tes que atopala.

Alumn@s 5ºB

## A QUE CHAMAMOS SAMAÍN?

Hai aproximadamente 2.600 anos chegaron a Galicia os pobos celtas. Ademais dos seus adiantos científicos e técnicos, como foi a metalurxia do ferro, tamén trouxeron a súa cultura e as súas crenzas.

Os celtas eran politeístas, adoraban moitos deuses: Dagda (deusa da bondade), Nuada (guerra), Bríxida (lume), Ogma (forza e literatura) Donn (morte), Lugh (sabiduría), As Morrigan (das batallas)..., que representaban tanto as forzas da natureza como as condicións do espírito. De aí que as súas festas coincidían con determinadas datas relacionadas coas estacións e cos seus cambios:

**Samaín:** 1 de novembro. Daba entrada ao comezo do inverno, a estación sombría.

**Beltain:** 1 de maio. Era o comezo do verán.

Había outra celebración central, de equilibrio:

**Lugnasad:** 1 de agosto, coincidindo coa recollida dos froitos.

E, unha última festa arcaica, que podería relacionarse co cumprimento dunha cerimonia obrigatoria:

**Imbole:** 1 de febreiro, cristianizada posteriormente.

A antiga festividade céltica do samaín foi habitualmente descrita como unha comunión cos espíritos, así nesta data terían autorización para camiñar entre os vivos, crían que unha “porta” abríase e a dimensión dos vivos quedaba en comunicación coa dimensión do mundo dos mortos. Esa noite se acendían fogueiras para poder guiar aos mortos na escuridade da noite, para que encontrasen os seus parentes e fogares. Esas noites amontoaban caveiras dos seus mortos e pintábanas.

A festa do samaín, a máis importante do período precristián, marcaba para os celtas o comezo dun novo ano. Nesa data prendíanse lumes sagrados friccionando pólas de serbal e teixo. Con esta cacharela inicial alimentábanse as lareiras de todas as casas.

Era tamén costume, baleirar nabos de grande tamaño, posteriormente cabzas, para pórles dentro candeas. Varios séculos despois esta tradición, que aínda se mantén en Galicia, ten continuidade na festa de Halloween, que poderían ter exportado aos Estados Unidos os irlandeses no século XIX e comezos do XX.

## **Cristianización da festa**

Coa chegada do cristianismo foron moitas as festas que tiveron que cambiar. Isto ocorre coa festa de entrada no novo ano celta, o samaín. A igrexa quitou esta festa e no seu lugar estableceu a festa de Todos os Santos, en conmemoración de todos os santos anónimos, e dicir, de todos aqueles dos que non se sabe o seu nome ou que os datos sobre eles son confusos. Púxose nesta data para evitar que coincidira a celebración polos mortos o mesmo día (o día de todos os defuntos é o 2 de novembro).

Finalmente é no século VIII cando se institúe oficialmente a festividade de Todos os Santos polo episcopado franco (época de Carlomagno). No século IX o emperador Ludovico Pío, a petición do Papa Gregorio IV a estende por todo o reino franco, instituíndose ao longo da Idade Media pouco a pouco en máis países. En 1475 o Papa Sixto IV faina obrigatoria.

Deste xeito, na nosa cultura é agora tradición celebrar a noite de defuntos, noite que vai do primeiro ao segundo día de novembro, e dicir de Todos os Santos ao Día de Defuntos. Para elo se practican unha serie de “rituais” ou costumes cada ano por estas datas:

Este é por exemplo o caso do noso pobo, Beluso, que, como na maior parte dos pobos e cidades de Galicia, se veñen a practicar as seguintes:

- A noite de Defuntos, e dicir, o 1 de novembro, íase en pandillas aos cemiterios; limpábanse as tumbas, poñíanse flores frescas e acendíanse candeas.
- Díciase que non se podía saír da casa ata pasadas as doce do día. Aos máis novos os asustaban contando historias sobre a Santa Compañía, que dicían que era unha procesión nocturna de espíritos dos antepasados.
- Na igrexa celébranse misas para recordar aos defuntos.
- As persoas colocaban cabazas nas entradas das súas casas co fin de espantar aos malos espíritos.
- Era costume tamén deixar pola noite a mesa preparada con comida e bebida , supoñendo que os defuntos acudirían ás súas casas.
- Por este día se abrían os barrís do viño novo e se comían castañas.

## Expansión da festa ao novo mundo

Se a festa do samaín era celta, como chega a Estados Unidos?

Se en América do Sur os principais colonizadores foron os españois, en América do Norte foron principalmente os ingleses. Os colonizadores, alá onde van, deixan un rastro cultural: crenzas relixiosas, a lingua e as festas; entre estas últimas, a chamada festa de Halloween ( forma moderna inglesa do antigo “All-hallow even”, que significa para algúns autores véspera de Todo o Sagrado), conocida como Noite de Bruxas. Esta festa celebrábase a noite do 31 de outubro e, as casa adornábanse con cabazas ocas con candeas dentro (debuxando “terroríficos” demoños e seres malignos). Os nenos e nenas ían disfrazados de esqueletes e pantasma e pedindo de casa en casa doces e larpeiradas, o famoso “trick or trate”, que ven sendo “truco ou trato”; se lles daban larpeiradas marchaban, senón gastaban bromas.

Os nenos e nenas de 5º e 6º curso, despois de investigar sobre este tema , elaboramos unha exposición de murais (alusivos a festividade celta, ao Halloween inglés e ao día de defuntos en Galicia) e cabazas, coas que fixemos un taller-obradoiro. Ademais, tamén participaron os nenos e nenas do colexio traendo “cabazas terroríficas”, elaboradas nas súas casas.

Aquí vos amosamos algunhas das fotos.



# A LETTER TO THE THREE WISE MEN

Dear  three wise men:

My name is Oliver. I am




10 years old.

I live in a




big house in Liverpool.

I have got a sister and two cousins.

We have got a  dog

I want a



ball and a racket, please.

Thank you very much.

Love from  
Oliver

# PASATEMPOS

## SUDOKU

6			2			4	5	
	8	2			1			
		7	5			8	6	
			4			2		
8				3				
7		3		2	8			6
	5	4	7					
1			8				4	
					4	7	1	5

## SOPA DE LETRAS

**Busca as palabras:** Acivro, avó, bago, basto, bo, boa, bocal, botar, bucal, chibo, convoi, covarde, escaravello, esvelto, garavanzo, gravar, gravata, mobil, nabal, naval, nobelo, rabo, ravo, rebelar, rebento, revelar, vago, val, varro, vasto, vea, vermello, verniz, verza, voa, vocal, voda, vogal, voitre, voo, votar, vulto, xavelina

B	O	T	A	R	Í	C	K	T	G	K	R	E	T	A	V	A	O	R	T
A	Z	R	E	V	Ñ	H	N	I	O	V	N	O	C	J	Z	T	G	E	A
V	A	S	T	O	T	I	O	R	T	V	X	A	E	V	C	G	A	D	T
O	V	V	Q	B	X	B	B	T	B	A	H	D	B	Ú	Z	A	B	R	A
V	A	U	G	O	A	O	E	O	L	L	E	M	R	E	V	R	M	A	V
A	R	L	Ó	R	V	V	L	R	C	Í	N	B	J	S	R	A	O	V	A
B	R	T	V	T	E	N	O	S	A	A	Ó	O	Á	N	A	V	B	O	R
U	O	O	A	S	L	O	T	R	U	V	L	L	E	I	T	A	I	C	G
C	Á	Q	G	S	I	T	Í	A	F	É	O	L	E	Ñ	O	N	L	É	R
A	L	O	D	V	N	N	A	L	O	C	O	E	R	V	V	Z	B	M	A
L	A	R	O	O	A	E	O	E	G	N	T	V	T	O	Y	O	R	E	V
D	V	C	A	T	Ó	B	V	B	A	A	S	A	I	D	V	A	O	B	A
Ú	A	D	V	L	I	E	S	E	V	B	A	R	O	A	O	Ú	F	D	R
L	N	M	O	E	E	R	R	R	M	A	B	A	V	Z	O	Y	L	A	V
A	É	B	G	V	P	V	K	K	G	L	T	C	O	R	V	I	C	A	Y
S	A	N	A	S	Ú	W	E	I	M	Ü	C	S	S	R	Ñ	D	O	Í	N
R	É	O	L	E	Z	I	N	R	E	V	Ó	E	J	Ú	F	Y	J	N	G

